

Dende os seus inicios, a industria española pasou por distintas etapas, cada unha delas marcada por unha estrutura e unhas pautas de localización.

**O inicio da industrialización (1855-1900):** España incorporouse á primeira revolución industrial con retraso respecto a outros países. As causas disto foron as difíciles condicións para o despegue industrial: mala dotación nalgunhas materias primas e produtos enerxéticos básicos; escaso espírito de empresa; falta de capital; atraso tecnolóxico que obrigaba a importar a maquinaria; demanda limitada polo baixo crecemento demográfico e a pobreza das rendas campesiñas; situación exterior desfavorable (guerra da Independencia, desastre colonial) e política industrial inadecuada. A pesar disto, durante a segunda metade do XIX creáronse algunhas industrias (siderometalurxia e téxtil), con tecnoloxía atrasada e dependente do exterior, subordinación do capital estranxeiro e minifundismo empresarial. Estas industrias localizáronse en Andalucía, aproveitando os minerais da zona; nalgúns puntos costeiros pretos ás materias primas e fontes de enerxía o con portos que facilitaban o acceso a elas e en Madrid polo seu papel como centro financeiro e administrativo.

**O crecemento industrial do primeiro terzo do século XX (1900-1939):** Durante o primeiro terzo do XX prodúcese un crecemento industrial cuxas causas foron a decadencia das exportacións minerais, que favoreceu a súa utilización pola industria nacional; a auxe da minería do carbón; o aumento da inversión nacional procedente da repatriación de capitais dende as colonias que se perderon en 1898; o pulo das obras públicas durante a Ditadura de Primo de Rivera, que favoreceu o desenrolo de numerosos sectores industriais (cemento, ferro); o proteccionismo industrial, que eliminaba a competencia exterior; e a incorporación dos avances da segunda revolución industrial.

Así afianzouse a industria básica e diversificouse a produción con novos sectores (material eléctrico, químico, cemento...) e co crecemento das industrias de consumo e de bens de equipo.

**A regresión durante a guerra civil e a posguerra (1939-1959):** As causas da regresión industrial entre 1939 e 1959 foron as destrucións da guerra e a política autárquica da posguerra, que pretendía a autosuficiencia. Este obxectivo tratou de acadarse cunha forte intervención do Estado, que cristalizou na creación do INI no 1941, que actuaba como substituto da empresa privada en actividades pouco rendibles ou que requirían grandes inversións. Tamén fomentouse a explotación dos recursos propios e impuxéronse restricións ás inversións estranxeiras e ás importacións. Con isto fomentouse a industria por falta de competencia, pero tamén se freou a súa expansión pola escaseza de materias primas, de capitais e maquinaria.

Así, consolidouse unha estrutura industrial caracterizada pola existencia de grandes empresas controladas polo Estado (INI), concentradas nas costas cantábrica e mediterránea, e por pequenas fábricas dispersas e antieconómicas. A todas, a autarquía colocounas nunha situación tan difícil que se fixo necesario o abandono desta política no 1959.

**O desenvolvemento industrial (1960-1975):** Entre estes anos produciuse un enorme desenvolvemento da industria. As súas causas foron a expansión da economía capitalista mundial, que levou ás empresas multinacionais a invertir en novos espazos, como España; a chegada de capital; o baixo custo da enerxía; a liberalización das importacións; e o interese do Estado, que a fomentou a través dos planos de desenvolvemento.


Así, a estrutura industrial mellorou, aínda que con importantes limitacións: diversificouse a produción, pero seguiron dominando os sectores de tecnoloxía simple e consumidores de gran cantidade de traballo e enerxía; melloraron a tecnoloxía e a modernización; aumentou o tamaño das empresas, pero persistiron moitas pequenas e anticuadas; e creceu a exportación de manufacturas.

A localización da industria concentrábase nas grandes cidades e nas súas áreas metropolitanas e a escada rexional, nos núcleos anteriores, aínda que se crearon outros novos pola difusión industrial cara aos polígonos de desconxestión nas cidades e a política dos polos de desenvolvemento (Valladolid e Zaragoza)

**A crise e a restructuración industrial (1975 a 1985):** a partir de 1975 prodúcese a quebra do anterior proceso de crecemento e iníciase intensos cambios nas estruturas produtivas. O aumento dos custos da enerxía e das materias primas, xunto co regreso dos emigrantes dos países europeos, eran manifestacións dunha crise económica e industrial. Esta etapa requiría toda a atención do goberno pero a crise industrial foi abordada, con retraso a partir do 1981.

O impacto da crise foi maior nalgúñas ramas e rexións ca noutras. As ramas máis afectadas foron os sectores maduros cuxa tecnoloxía quedara xa obsoleta. Algunhas grandes empresas filiais de multinacionais tamén contaron con axudas estatais.

As áreas en declive situáronse no litoral cantábrico (País Vasco e Principado de Asturias), Vigo, Ferrol, badía de Cádiz, Getafe, Sagunto, Barcelona e sur de Madrid. Estas rexións e comarcas viron descender o seu nivel de vida. Para resolver isto créronse as políticas de reconversión que consistiron en axudas e avais, exencións e bonificacións fiscais para as empresas e xubilacións anticipadas para os traballadores. Esta política creou, coa finalidade de mellorar, as ZUR (Zonas de Urxente Reindustrialización) en 1985. O seu obxectivo era promover as inversións para activar o tecido industrial, crear emprego e incrementar a diversificación industrial e a mellora tecnolóxica. Estas zonas foron Vigo, Ferrol e os municipios do entorno, a área central do Principado de Asturias, a ría de Bilbao e os cintos industriais de Madrid e Barcelona.



**Integración e internacionalización (1986-actualidade):** A crecente competencia entre empresas que ten lugar dentro dunha economía globalizada esixe ás industrias a aplicación de novas estratexias para a busca de vantaxes de produción, dado que a competencia chega dende moitos puntos e os mercados tamén se amplían a outras rexións do mundo. A industria recuperou nesta etapa o seu papel como sector clave para impulsar o desenvolvemento económico. Nembargante, detéctase unha clara división entre as industrias tradicionais e aquelas dirixidas ao sector terciario. Tamén incrementábase a inversión estranxeira a través das multinacionais.

As empresas industriais deben aumentar a súa produtividade, mellorar a tecnoloxía, a formación dos seus traballadores e adaptarse aos fortes cambios estruturais.

O emprego industrial en termos totais descendeu e os novos modelos de contratación e organización do traballo oríéntase cara a un novo sistema de relacións laborais.

2º de Bacharelato Colexio Mariano